



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

XERA-Madeira 2026

**Axudas a pemes, autónomos, asociacións, cooperativas e CMVMC
para redacción de proxectos e execución obras que empreguen
produtos de madeira como elementos estruturais**

MR502B – MR502F

(Nota: presentación informativa sen vinculación legal; prevalecen as bases da convocatoria)



Axudas a empresas, asociacións, CMVMC, etc, para realización de proxectos e execucion de obras

- ❑ **Orzamento:** 5 M € de fondos da Xunta de Galicia.
- ❑ **Réxime:** concorrência NON competitiva > as solicitudes resolveranse por orde de rexistro de entrada de expediente completo.
- ❑ **Quen pode ser beneficiario/a?**
 - Pemes e autónomos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia, MVMC, cooperativas, asociacións, organizacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro con actividade en Galicia.
- ❑ **Que se subvenciona?**
 - **MR502B (liña 1.1):** Custos dos honorarios técnicos de **redacción do proxecto de execución** (poderán redactarse nunha única fase ou dividirse en proxecto básico e proxecto de execución).
 - **MR502F (liña 2.1):** Custos correspondentes aos **produtos ECEA*** e a **súa colocación en obra**.

** Produtos ECEA: produtos de madeira ou derivados da madeira dos sistemas estrutural, de compartimentación, envolvente e acabados. Exclúense os composites nos que os materiais lignocelulósicos supoñan menos dun 50 % en peso, así como carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores.*



Que requisitos teñen que cumprir os proxectos e as obras?

- ☐ **Uso:** residencial (unifamiliar/colectivo), industrial, comercial, recreativo, hoteleiro, oficinas, sanitario-asistencial, educativo, cultural ou deportivo.
- ☐ **Tipo de intervención:** a obra proxectada / executada será obra nova, rehabilitación ou reforma.
- ☐ A **estrutura** será realizada total ou parcialmente con produtos **de madeira** ou derivados da madeira.
- ☐ **Relevancia da madeira no proxecto / obra:**
 - **MR502B (liña 1.1) - proxecto:** custo dos produtos produtos ECEA (inc. colocación) $\geq 20 \%$ do PEM do proxecto.
 - **MR502F (liña 2.1) - obra:** custo dos produtos produtos ECEA (inc. colocación) $\geq 20 \%$ da liquidación final da obra.

SI computa no 20%

- Uso estrutural en entramado lixeiro, entramado pesado, estrutura masiva de madeira, combinación ou mixto para cuberta, forxado, muros/pilares ou sistemas de compartimentación.
- Fachadas e envolvente: fachadas ventiladas de madeira, de lama sobre rastrel, celosías, etc.
- Carpintarías exteriores e acabados en exterior: portas, fiestras, pavimentos, etc.

NON computa no 20%

- Carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores. Exemplos: portas e dinteis, frisos, revestimentos de escaleiras, armarios, tarima ou parqué, etc.



Gastos subvencionables

- ☐ Serán subvencionables os gastos realizados, efectivamente pagados e acreditados mediante factura e xustificante bancario **dende o 01/01/2026** ata a data máxima de xustificación, quedando excluídas as actuacións xa finalizadas na data de presentación da solicitude.
- ☐ Agás que o gasto se tivese iniciado con anterioridade á publicación da convocatoria no DOG, cando o importe (IVE excluído) do investimento iguale ou supere os 15.000 €, na liña 1.1 (proxecto), ou os 40.000 €, na liña 1.2 (obra), deberán presentarse xunto á solicitude de axuda **3 ofertas** de diferentes provedores **asinadas electronicamente**.
- ☐ **MR502F (liña 2.1) – obra:** o importe subvencionable para o que se solicita axuda debe ser maior/igual a **25.000 €**.

NON se considerarán subvencionables:

- O IVE recuperable.
- As taxas de permisos ou licenzas.
- O custo do visado colexial.
- Custos dos honorarios técnicos correspondentes á redacción do anteproxecto, á dirección de execución, á dirección de obra ou á coordinación da seguridade e saúde en fase de execución



Importes das axudas

- ☐ **Intensidade: 50%** do gasto subvencionable. Esta % poderá incrementarse, acumulativamente, ata o **70%**:
 - **+10%** se, cando menos, un 10% dos custos dos produtos ECEA proceden de **montes galegos**, con **certificado PEFC ou FSC** e con rastrexabilidade mediante **FORTRA**. *
 - **+10%** se, cando menos, un 10% dos custos dos produtos ECEA dispoñen da marca de garantía **“Pino de Galicia”**. *

** MR502F (liña 2.1) – obra: para a aplicación do incremento, as ofertas deberán contemplar estas características do/s produto/s*

☐ **Axuda máxima**

- **MR502B (liña 1.1) - proxecto: 35.000 €** (caso xeral) / **70.000 €** (promocións singulares)
Adicionalmente: **+5.000 €/planta** piso ou alta adicional (edificación en altura) e **+500€/vivenda** (residencial colectivo)
- **MR502F (liña 2.1) - obra: 35.000 €** (caso xeral) / e **200.000 €** (promocións singulares). Incrementarase ata:
 - **45.000 €**, cando os custos dos produtos ECEA (incluída a súa colocación), subvencionados ou non, supoñan cando menos o 30% da liquidación final da obra executada.
 - **55.000 €**, cando os custos dos produtos ECEA (incluída a súa colocación), subvencionados ou non, supoñan cando menos o 40% da liquidación final da obra executada.Adicionalmente: **+20.000 €/planta** piso ou alta adicional (edificación en altura) e **+1.000€/vivenda** (residencial colectivo)
- Axuda máxima total para beneficiarios/as das liñas 1.1 (proxecto) + 2.1 (obra): **90.000 €** (caso xeral) / **250.000 €** (promocións singulares)



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- ☐ Execución da obra realizando a **estrutura** total/parcialmente empregando produtos **de madeira** ou derivados
- ☐ **Execución total da obra con posterioridade á xustificación e cobro da axuda**
 - Debe finalizarse **nun prazo máximo de 30 meses** contados desde a data límite de xustificación da segunda anualidade establecida na convocatoria (30.06.2027), ou desde a data prorrogada se procede. O incumprimento desta obriga é causa de reintegro da axuda percibida
- ☐ **Documentar fotograficamente a execución da obra**
- ☐ Comunicar o carácter de financiamento público das actuacións subvencionadas e cumprir coas obrigas de **publicidade e comunicación** establecidas no art. 25.

Renuncias fora de prazo e incumprimentos totais

Presentar a renuncia total á axuda unha vez transcorridos 10 días hábiles desde a notificación de concesión ou no caso dunha execución inferior ao 50% dos gastos subvencionables ocasionará a perda do dereito ao cobro total da axuda e suporá que non poderá solicitar axudas nas dúas seguintes convocatorias.



Prazos

❑ **Solicitud:** do **30/07/2026** ás 09:00 h ata o **31/08/2026** ás 20:00 h (ou ata o esgotamento dos fondos asignados, no caso de que se produza con anterioridade)

❑ **Xustificación**

- 2026 (1ª anualidade): ata o **09/10/2026**
- 2027 (2ª anualidade): ata o **30/06/2027**

** Para a 2ª anualidade, admitiranse os gastos (factura e pagamento) comprendidos entre o 1/01/2026 e a data de xustificación da 2ª anualidade que non fosen computados na 1ª*

❑ **Fin de obra**

- 30 meses desde a data límite de xustificación da segunda anualidade establecida na convocatoria, ou desde a data prorrogada se procede.



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



Bases e convocatoria: DOG nº 138 do 24/07/2026 >> [acceso](#)



Máis información: 881 995 473



madeira-xera.cmr@xunta.gal



@XERA Axencia Galega da Industria Forestal



www.xera.xunta.gal



@XERAindustriaforestal



@xera.xunta



Presentación de solicitudes en sede electrónica >> [acceso](#)



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL